

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN CLUB PRAIA DE PANTÍN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES 2026.

Lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDAS

Dunha banda Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Yago Barreto Seoane, en calidade de presidente, que actúa en nome e representación da asociación Club Praia de Pantín con NIF G70177910, con domicilio Avenida da Malata s/n, 15405 Ferrol, nomeado en virtude do acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria do 28 de abril de 2026, como recolle o artigo 10 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo. Que a Constitución Española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer ningunha discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión ou calquera condición ou circunstancia persoal ou social.



O artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integren sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro. De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

Ademais correspóndelle, incorporar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta de Galicia, en cumprimento do principio de transversalidade, así como promover programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

Así mesmo, correspóndelle establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións, e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Cuarto. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e da Lei 7/2023, de 30 de novembro, recoñecese a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e establece o compromiso de promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na



asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Quinto. O fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal está presente na acción de goberno e nos instrumentos de planificación da Xunta de Galicia, como no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado no Consello da Xunta o 10 de marzo de 2022, concibido como un instrumento flexible para alcanzar a igualdade real e efectiva nos distintos ámbitos da vida das persoas. Aposta polo apoderamento feminino tanto individual como colectivo poñendo en valor as contribucións das mulleres nos distintos ámbitos e incide na necesidade de traballar a prol dunha maior concienciación social, facendo fincapé na necesaria transformación da cultura imperante, sustentada en estereotipos e roles que manteñen e reproducen desigualdades. O Plan inclúe no eixo 1. O Reto demográfico, na prioridade de actuación 1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada, un obxectivo estratéxico relacionado directamente, o 1.1.4. Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Sexto. Por outra banda, o Plan Corresponsables é unha política pública iniciada en 2021, residenciada na Secretaría de Estado de Igualdad y para la Erradicación de la Violencia contra las Mujeres del Ministerio de Igualdad, que permite articular mecanismos en colaboración coas Comunidades Autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para o apoio específico das necesidades de conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos desde a óptica da igualdade entre mulleres e homes, ao amparo do artigo 44 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e desde un enfoque de garantía de dereitos universais e á marxe da condición laboral das persoas beneficiarias; así como con outros eixos de actuación relacionados coa creación de emprego, a dignificación e recoñecemento da experiencia profesional de coidados, a sensibilización en materia de corresponsabilidade nas tarefas de coidados, co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitaria. O artigo 14 establece que corresponde aos poderes públicos o establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes, así como o fomento da corresponsabilidade nos labores domésticos e na atención á familia.

O Plan réxese polos seguintes principios: igualdade, corresponsabilidade, defensa dos dereitos humanos da infancia, coherencia, adicionalidade, transparencia e rendición de contas

Sétimo. Mediante Resolución do 7 de maio de 2026, da Secretaría de Estado de Igualdad y para la Erradicación de la Violencia contra las Mujeres, (BOE nº 122 de 20 de maio) publícase o Acordo da



Conferencia Sectorial de Igualdad, do 6 de maio de 2026, polo que se fixan os criterios de distribución ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, así como a distribución resultante, ao desenvolvemento do Plan Corresponsables.

Dado que varias das medidas recollidas no Plan Corresponsables se refiren a competencias específicas sectoriais que corresponde desenvolver, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a distintos organismos, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente asinar convenios de colaboración, para fomentar o desenvolvemento das medidas a levar a cabo ampliando o alcance do Plan Corresponsables en todos os eidos da sociedade galega.

Oitavo. Pola súa parte, a Asociación Club Praia de Pantín figura inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia co número C-09851, con fins de fomento e impulso da práctica deportiva e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) co número E-7481. É a coordinadora de todos os eventos de ámbito Internacional encadrados dentro da rede Mundial de eventos da World Surf League nos que a Asociación Club Praia de Pantín mantén a exclusividade, xa concedida en anos anteriores, para a súa organización na Comunidade Autónoma Galega.

Así mesmo organiza o programa Espazos de conciliación para que as familias con menores a cargo poidan conciliar durante o desenvolvemento dos eventos deportivos nos que se fomenta a práctica do deporte dun xeito inclusivo, se promove de xeito transversal unha educación en igualdade coa execución de diferentes actuacións encadradas no marco do Plan Corresponsables, consistentes en talleres didácticos, medioambientais, de reciclaxe, charlas motivacionais e educativas, limpeza de praias, rutas de coñecemento do entorno ambiental e cursos de iniciación ou perfeccionamento tanto de surf como de skate, da man de persoal cualificado cunha metodoloxía onde a través da práctica deportiva se fomente a socialización, a educación en valores de respecto e solidariedade e incidindo de xeito transversal nunha educación en igualdade e corresponsabilidade.

A Asociación Club Praia de Pantín realiza actividades destinadas a promover a iniciación e práctica deportiva en diferentes disciplinas, en plenas condicións de igualdade entre homes e mulleres, destinadas a mozas e mozos menores de idade. Do mesmo xeito, promove o deporte feminino en condicións igualitarias para acadar unha igualdade plena e efectiva e combater estereotipos de xénero.

Estas accións lévanse a cabo en cada un dos eventos do circuíto mundial World Surf League (WSL) dos que o club é o licenciatario en exclusiva, o que supón unha oportunidade única e exclusiva de facer un achegamento a diferentes prácticas deportivas inmersas en diferentes contornas naturais totalmente diferenciadoras, como son algunhas das mellores praias da Comunidade Autónoma de Galicia.



Este ano 2026 o programa de “Espazos de Conciliación”, que coma sempre coincide co desenvolvemento dos eventos internacionais da World Surf League que se celebra en Galicia, terá lugar durante os meses de xuño a outubro nas seguintes ubicacións:

- Gadis Surf Festival Ferrol na praia de Esmelle, Ferrol.
- Abanca Pantin Classic Galicia Pro na praia de Pantín, Valdoviño.
- Edommo Pro Razo na praia de Razo, Carballo.

Cada un destes campionatos internacionais, celébrase nunha contorna natural incomparable na que se colocarán estruturas móbiles, (que se retirarán ao remate das actuacións garantíndose o mantemento das praias nas mesmas condicións iniciais), todas eles, nas inmediacións de praias emblemáticas da nosa Comunidade, o que nos permite engadir ao proxecto un plus de contido medioambiental que enriquece aínda máis a experiencia.

Noveno. A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a realización das actuacións do programa “Espazos de Conciliación” da entidade no ano 2026.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofrecer ás familias medidas de conciliación da vida familiar, laboral e persoal coa celebración de eventos deportivos de gran relevancia, desenvolvidas en zonas naturais sen infraestruturas, para darlle á cidadanía un novo recurso no ámbito dos coidados, na difusión da saúde e na práctica do deporte.

Tendo en conta, por unha banda, que a Asociación Club Praia de Pantín é a organizadora en exclusividade para toda España da World Surf League (WSL), organismo reitor dos surfistas profesionais encargado da regulación e programación de competicións de surf a nivel profesional en todo o mundo, sendo a única autorizada para levalas a cabo e por outra, dada a especificidade do programa a desenvolver “Espazos de Conciliación”, a necesidade de que sexa executado por unha entidade que poida actuar de xeito integral, que conte con persoas con experiencia acreditada nestes programas, cos medios necesarios e que reúna as condicións de solvencia técnica para a realización das actividades propostas, estímase que xustifica a excepción do principio de concorrência pública de conformidade co artigo 26.2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras para a concesión directa dunha subvención da Consellería de Política Social e Igualdade á Asociación Club Praia de Pantín para desenvolver as actuacións integrantes do programa de "Espazos de Conciliación", dirixidas a menores de entre 4 e 16 anos e as súas familias, co obxecto de favorecer a conciliación familiar e os coidados, no marco dos eventos do circuíto mundial da World Surf League (WSL) que se celebran durante os meses de xuño a outubro de 2026 en Galicia.

A través deste programa desenvólvense algunhas actuacións en execución do Plan Corresponsables.

SEGUNDA. Accións subvencionables.

A Asociación Club Praia de Pantín promove a posta en marcha do programa de "Espazos de Conciliación" a través do cal se desenvolverán distintas actuacións que coincidirán coa celebración dos referidos eventos deportivos da World Surf League e que terán lugar nas seguintes ubicacións:

- Gadis Surf Festival Ferrol na praia de Esmelle, Ferrol.
- Abanca Pantin Classic Galicia Pro na praia de Pantín, Valdoviño.
- Edommo Pro Razo na praia de Razo, Carballo.

As actuacións subvencionables, que son complementarias aos eventos deportivos principais, consisten no desenvolvemento de talleres didácticos, medioambientais, de reciclaxe, charlas motivacionais e educativas, limpeza de praias, rutas de coñecemento da contorna medioambiental e cursos de iniciación ou perfeccionamento tanto de surf como de skate, e levaranse a cabo en espazos habilitados na contorna natural coa colocación de estruturas móbiles.

Coa realización das ditas actuacións promóvese:

- A conciliación da vida familiar que favoreza o dereito ao coidado da familia así como o disfrute do ocio e tempo libre.
- A incorporación de aprendizaxes transversais en igualdade e de respecto ao medio ambiente, facendo fincapé na corresponsabilidade e na coeducación dende idades temperás.



- A combinación da actividade colectiva e individual que facilite a aprendizaxe e o desenvolvemento social.
- A promoción da aprendizaxe significativa gozando dun tempo de lecer de calidade.
- O fomento da participación das familias como fonte de recursos e optimización da aprendizaxe.
- A aproximación lúdica da mocidade facendo accesible de forma gratuíta a práctica de actividades deportivas como o surf e o skate que implican a necesidade de custoso equipamento, desprazamentos e clases especializadas.

TERCEIRA. Financiamento

Para sufragar os gastos derivados das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, achegará a cantidade total de **oitenta mil euros (80.000,00€)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.07.312G.481.4 (código de proxecto 2021 00175), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, financiadas con Fondos Finalistas dos orzamentos xerais do Estado procedentes do Ministerio de Igualdad a través da liña de actuación 00524-Plan Corresponsables.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos Fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, procedentes do Ministerio de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Corresponsables. Os fondos transferidos polo Ministerio destinaranse ao cumprimento do obxecto establecido na cláusula primeira.

CUARTA. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre **1 de xaneiro de 2026 e o 30 de outubro de 2026**, entre eles:

a) Custos de persoal, tendo en conta os seguintes perfís:

- Persoas coa cualificación profesional "atención a persoas non dependentes con necesidades de coidados na súa contorna cotiá", creada no 2024 polo Ministerio de Igualdad xunto co Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes.
- Técnica/o Superior en Animación Sociocultural e Turística.
- Monitor/a de ocio e tempo libre.
- Técnica/o Superior en ensinanza e animación sociodeportiva.



- Técnica/o Superior en Educación Infantil e Primaria.
- Auxiliares de gardería e Xardín de Infancia.
- Persoas con titulacións análogas necesarias para a prestación do servizo que estean relacionadas co coidado de persoas menores

Na contratación destes perfís, seralle de aplicación o convenio colectivo sectorial propio da categoría profesional correspondente e valorarase de maneira preferente que teñan, ademais da acreditación mencionada, formación en materia de igualdade (Axentes de Igualdade, Técnica/o Superior en Promoción da Igualdade de Xénero, etc).

b) Gastos de administración e xestión: seguros (Responsabilidade Civil e Accidentes Persoais), publicidade, uniformidade identificativa.

c) Aqueles outros gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actividades previstas no programa a subvencionar, tales como: habilitación de espazos, alugamento e montaxe de carpas e estruturas móbiles, baños portátiles, electricidade, carpintería ou xardinería.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

QUINTA. Subcontratación

Para a execución das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá subcontratar as actuacións subvencionadas, no marco que permite a Lei 9/2007 de 13 de xuño. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo das actuacións subvencionadas, non acheguen valor engadido ao seu contido.

As entidades subcontratadas quedarán obrigadas soamente ante a entidade beneficiaria da subvención, que asumirá a total responsabilidade da execución do programa subvencionado fronte á Administración concedente.

En todo caso deberanse respectar os límites impostos no artigo 27.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Asociación Club Praia de Pantín no seu caso, comunicará a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Xustificación da subvención.



A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2026 e o 30 de outubro de 2026**, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite o **5 de novembro de 2026**.

A xustificación dos gastos e do seu pagamento realizarase por medios electrónicos a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento da realización das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e que debe incluír os seguintes apartados:

1. Actividades realizadas, número de persoas e familias participantes.
2. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
3. Xustificación do gasto asociado a cada actividade
4. Valoración global.

b) Unha memoria económica xustificativa do total do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos realizados con identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.
2. Indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación anterior.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas, e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade.

c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados dentro do período subvencionable. Nestes documentos deben quedar claramente identificadas a persoa receptora e a emisora do pagamento, e será conveniente que no concepto se faga constar o número da factura.



No caso de pagamento mediante cheque terá que ser, en todo caso, nominativo e vir acompañado da xustificación bancaria acreditativa do cargo na conta que figure nel.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, non susceptible de recuperación ou compensación, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.

d) De ser preciso, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto subvencionable **supere os 15.000,00€** (sen IVE), a entidade beneficiaria achegará, como mínimo, tres orzamentos de distintos provedores solicitados con carácter previo a contratación do subministro, prestación do servizo ou a entrega do ben; salvo que, polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren os bens ou presten o servizo, ou que o gasto se realizase antes da sinatura do convenio, sempre que se atope dentro do período que este abrangue.

A elección da oferta elixida, de entre as achegadas, realizarase consonte criterios de economía e eficiencia. Cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa deberá xustificarse expresa e detalladamente nunha memoria independente, indicando os criterios utilizados para a toma de decisión.

e) En canto ós custes salariais: Deberá presentar, referida a mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación para a realización das actuacións comprendidas dentro do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos para cada unha delas: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF da persoa traballadora, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado ao convenio.
2. Nóminas e xustificantes de pago.
3. Os documentos "Relación Nominal de Traballadores" (RNT) e "Relación de Liquidación de Cotizacións" (RLC) correspondentes aos meses imputados.
4. Impresos de liquidación do IRPF, modelos 111 (retencións a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes a xustificación entregada.

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario que acredite o seu pagamento.



Non obstante o anterior, cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación. A entidade queda obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso en período voluntario.

f) Publicidade: Acreditación documental, material ou gráfica (fotografías, fotocopias, capturas de pantalla da web...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da actividade subvencionada, ao abeiro do Plan Corresponsables.

g) Unha declaración responsable doutros ingresos ou subvencións solicitadas, que financiasen a actividade subvencionada, tanto as aprobadas ou concedidas como as que estean pendentes de resolución, con indicación do importe e a súa procedencia.

h) En canto a xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

Á vista de toda a documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula terceira e sempre que se cumpra coa finalidade das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, procederá a minoración do importe do convenio e o correspondente procedemento de reintegro parcial ou total da subvención, en proporción ao importe non xustificado. No caso que non se xustificase cando menos o 20% do importe das actuacións a subvencionar obxecto do convenio, produciríase a revogación da subvención concedida e dará lugar ao reintegro.



A Consellería de Política Social e Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SÉTIMA. Pagamento

De acordo co previsto no artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o pago da subvención realizarase unha vez comprobado polo órgano concedente a xustificación final presentada pola entidade, así como, realización das actuacións do programa a desenvolver e o cumprimento dos obxectivos do programa a subvencionar a través do presente convenio.

OITAVA. Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A entidade beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

NOVENA. Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMA. Obrigacións da entidade beneficiaria da subvención

A asociación Club Praia de Pantín como entidade beneficiaria da subvención adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

- a) Desenvolver as actuacións a subvencionar integrantes do programa de "Espazos de Conciliación", recollidas na cláusula segunda deste convenio, e xustificar a realización das actuacións e o cumprimento da súa finalidade, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias.
- b) Divulgar as actuacións e facer constar expresamente en toda publicidade, ou presentación pública que se realice os logotipos da Xunta de Galicia, do Plan Corresponsables e do Ministerio de Igualdade do Goberno de España deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, na documentación necesaria para a súa realización e en todo caso, nas actividades de difusión, se estas se financian con fondos públicos ao abeiro do Plan Corresponsables de acordo co establecido neste convenio.

Garantirase a visibilidade do Plan Corresponsables en todas as accións financiadas mediante a inclusión dos logotipos anteriores e a mención expresa escrita ou locutada «Cofinanciado polo Plan Corresponsables. Ministerio de Igualdad, Gobierno de España». Esta identificación deberá incorporarse en todos os materiais de comunicación, difusión e promoción vinculados ás iniciativas respaldadas polo programa, asegurando así o seu recoñecemento e presenza institucional.

- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que pidan realizar os órganos de control competentes. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da



Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) Cumprir cos requisitos do artigo 10 e as obrigas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora así como co resto das obrigas recollidas na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións. .

e) A Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

f) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

g) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto das actuacións a subvencionar a través do presente convenio.

i) Presentarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, ao remate da vixencia do convenio, unha memoria de actuación na que se recollerán os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento, que indicará, as actividades realizadas e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desagregadas por sexo, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

j) Cumprir coas obrigas de subministro de información previstas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno.

k) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

DÉCIMO PRIMEIRA. Compatibilidade



Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

DÉCIMO SEGUNDA. Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que, no seu caso, precise para o seu desenvolvemento

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións do programa a subvencionar que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO TERCEIRA. Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:



1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución.

Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

DÉCIMO CUARTA. Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dos compromisos que nel se establecen.
- O mutuo acordo das partes asinantes formalizado por escrito.
- Desaparición das causas que motivaron a celebración.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, ao reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

DÉCIMO QUINTA. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.



2. A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

3. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Publicidade e rexistro do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



DÉCIMO SÉTIMA. Información Básica sobre Protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se deriva da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a



través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace https://www.xunta.gal/protección_datos.

DECIMO OITAVA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da entidade beneficiaria designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas que represente a Administración que será a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade. A súa suplencia axustarase o réxime establecido no Decreto de estrutura orgánica da Consellería.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

No caso de ausencia dalgún do resto dos membros que integran a Comisión de Seguimento, serán substituídos polas persoas designadas pola Presidencia da Comisión.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO NOVENA. Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións subvencionables ao abeiro deste convenio.



E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan este documento.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN
CLUB PRAIA DE PANTÍN

Fabiola García Martínez

Yago Barreto Seoane

